

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

ORDE do 15 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2026-2027 (código de procedemento CT233A).

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude exerce a competencia exclusiva en materia de bibliotecas de interese para a comunidade autónoma que non sexan de titularidade estatal, de acordo co que establece o artigo 27.18 do Estatuto de autonomía de Galicia e o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co disposto na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Consonte esta responsabilidade, a Consellería é consciente de que un dos elementos fundamentais no funcionamento das bibliotecas é a cualificación e formación técnica do seu persoal. Por iso, a través da Dirección Xeral de Cultura, organiza e convoca habitualmente cursos de formación para mellorar as competencias profesionais do persoal que presta servizo nos centros da Rede de bibliotecas de Galicia. Esta formación debe complementarse coa formación teórica e práctica de novos profesionais que pretenden ligar a súa vida profesional ás bibliotecas a través da convocatoria de bolsas formativas. Estas actuacións deben permitir non só a formación nas diversas áreas de traballo e servizos propios destes centros, senón tamén o contacto diario e directo dos/das bolseiros/as, durante un tempo suficiente, cos problemas e demandas reais dunha biblioteca, debidamente guiados por profesionais bibliotecarios, como medio de promoción profesional.

Por esta razón, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Cultura, desenvolve un plan de preparación de futuros profesionais para a Rede de bibliotecas de Galicia, a través da convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros da rede.

Este expediente tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, para o que existe crédito suficiente e adecuado previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2026. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Por medio desta orde establécense as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e convócanse para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento CT233A).

Artigo 2. Principios de xestión

A xestión deste procedemento realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 3. Normativa aplicable

En todos aqueles aspectos non previstos nestas bases, aplicaranse as seguintes disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma.



d) Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

E, suplementariamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

h) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

Artigo 4. *Financiamento*

1. A dotación deste programa, que ten carácter plurianual, é de 463.208,00 €, distribuídos como segue:

– Para a dotación das bolsas destinaranse 433.290,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.480.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027 (216,645,00 € en cada unha das dúas anualidades).

– Para as cotizacións á Seguridade Social destinaranse 29.918,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.484.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027 (14.959,00 € en cada unha das dúas anualidades). Para o cálculo deste importe aplícanse as regras de cotización correspondentes aos contratos para a formación e aprendizaxe, tomando como referencia a cota empresarial para o ano 2025, máis unha cantidade adicional para posibles incrementos da cota ou que poidan derivarse de altas e baixas na mesma bolsa e no mesmo mes.

2. Este expediente tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións



de Galicia, como expediente anticipado de gasto, posto que existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2026. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Artigo 5. *Número de bolsas convocadas e lugar de realización*

O número total de bolsas convocadas é de trinta e tres (33), que se desenvolverán nos centros seguintes:

Centro de destino	Número de bolsas
Biblioteca de Galicia	7
Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal	4
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	4
Biblioteca Pública de Lugo	4
Biblioteca Pública de Ourense Nós	4
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	4
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	5
Biblioteca Pública Central Municipal de Ferrol	1

Artigo 6. *Duración e horario*

1. As bolsas darán comezo dentro do prazo que se estableza na resolución de concesión, non antes do 16 de xuño de 2026, e finalizarán o 15 de xullo de 2027. Terán unha duración máxima de trece meses e 1.981 horas lectivas.

2. As xornadas formativas adecuaranse ao horario da biblioteca de destino sen que poidan exceder as 7 horas diarias nin 35 semanais. Correspóndelle á dirección de cada biblioteca, dentro da súa competencia de organización, establecer os horarios formativos, que lle deberán ser comunicados á persoa bolseira con antelación.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



3. O persoal bolseiro poderá dispoñer de ata un máximo de dez días de non asistencia ao centro por motivos particulares, logo de autorización por parte da dirección da biblioteca. Estas ausencias serán remuneradas e non terán que ser xustificadas nin recuperadas.

No caso de non completar a totalidade da bolsa, ben por incorporación posterior ao 16 de xuño de 2026 ou por renuncia anticipada, o número de días de ausencia autorizada minorarase proporcionalmente, a razón de un día por cada cinco semanas de redución da bolsa.

Artigo 7. *Contido da formación*

A formación comprenderá o uso e tratamento dos fondos bibliográficos, a atención aos usuarios e a planificación, xestión e execución dos distintos servizos bibliotecarios, en prol da adquisición de competencias nas áreas profesionais que se recollen no anexo I.

Contará cunha parte teórica e outra práctica que será titorizada por persoal técnico bibliotecario baixo a coordinación da Dirección Xeral de Cultura.

Correspóndelle á dirección de cada biblioteca, dentro da súa competencia de organización, establecer as rotacións entre as distintas áreas funcionais, de xeito que o persoal bolseiro acade unha formación o máis completa posible. Porén, os contidos formativos prácticos virán determinados en todo caso polas características propias de cada biblioteca (colección, equipamentos, servizos que presta, horarios, público atendido, etc.) e a programación ao longo do ano.

Á finalización da bolsa a dirección da biblioteca emitirá un informe en que consten as áreas e competencias profesionais sobre as que versou a formación efectivamente desenvolvida.

Artigo 8. *Natureza xurídica da relación*

As persoas adxudicatarias adquiren exclusivamente a condición de bolseiros, coas obrigas e dereitos inherentes a esta, conforme estas bases, sen ningún outro vínculo laboral ou administrativo coa Administración autonómica.

Ao remate da bolsa, recibirán un certificado da súa realización, en que se indicará a data de inicio e fin, o centro de destino, as áreas sobre as que se desenvolveu a formación e o número de horas lectivas efectuadas, en función da duración efectiva da bolsa.



Artigo 9. *Réxime económico e de Seguridade Social*

1. As bolsas están dotadas con 1.010,00 € brutos mensuais.

2. De conformidade co disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, as persoas bolseiras estarán incluídas no réxime xeral da Seguridade Social por continxencias comúns e profesionais. Non existirá obriga de cotizar pola continxencia de desemprego, así como tampouco ao Fondo de Garantía Salarial nin por formación profesional.

Artigo 10. *Beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias as persoas solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Posuír algunha das titulacións universitarias seguintes:

- Grao en Biblioteconomía e Documentación.
- Grao en Información e Documentación.
- Grao en Xestión de Información e Documentación Dixital.
- Grao en Lingua e Literatura Galega/Española/Estranxeira/Comparada.
- Grao en Historia.
- Grao en Historia da Arte.
- Grao en Humanidades.
- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.
- Grao en Xestión Cultural.
- Mestrado oficial en materia de bibliotecas, con independencia da titulación de grao de acceso ao dito mestrado.



Para os efectos previstos nesta letra, asimílanse ao título de grao as titulacións equivalentes segundo o Espazo Europeo de Educación Superior.

A persoa solicitante deberá estar en posesión do título ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición ao remate do prazo de presentación de solicitudes, e ter rematado os estudos conducentes ao título no curso académico 2014/15 ou posterior.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán ser beneficiarias desta axuda:

a) As persoas que desempeñen un emprego remunerado ou gocen doutra bolsa remunerada con fondos públicos, sen prexuízo do sinalado no parágrafo segundo do punto 3 deste artigo.

No caso de ter emprego remunerado ou gozar doutra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos no momento de presentación da solicitude, a persoa solicitante comprométese expresamente a renunciar con anterioridade ao momento da incorporación ao centro a que sexa destinado/a.

b) As persoas que ocupasen un posto de traballo como técnico bibliotecario durante máis de seis meses.

c) As persoas que se beneficiasen anteriormente destas mesmas bolsas durante un período superior aos seis meses.

d) Quen, sendo adxudicatario desta mesma bolsa nunha convocatoria anterior, non se incorporara ao centro de destino ou renunciara a ela logo de iniciado o período de vixencia, sen causa debidamente xustificada. Considérase xustificada a renuncia cando se deba á obtención doutra bolsa ou emprego incompatible con aquela.

e) Aquelas persoas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



3. A concesión da bolsa será incompatible con calquera outra bolsa que supoña remuneración directa ou axuda financiada con fondos públicos.

Tamén será incompatible co desempeño dun emprego remunerado, agás os que teñan carácter esporádico cunha duración acumulada inferior a dous meses durante o período de duración da bolsa, sempre que isto non afecte a actividade habitual no exercicio desta.

Artigo 11. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

As persoas potencialmente beneficiarias das axudas reguladas nesta orde pertencen a colectivos de persoas físicas cuxa formación e capacidade técnica permite concluír que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para relacionarse por este medio co sector público autonómico.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. As persoas solicitantes deberán indicar os centros de destino aos que optan, ordenados segundo a súa preferencia.

Artigo 12. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado



ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 13. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Título universitario ou xustificante de pagamento das taxas para a súa expedición. No caso de presentar un título estranxeiro, deberá acompañar declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e declaración de equivalencia de notas medias, emitida pola Administración educativa española.

b) Certificación académica oficial completa, en que deberá constar a nota media do expediente académico da titulación na escala numérica 0-10.

c) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

d) Certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga), ou equivalente, no caso de que non fose expedido pola Secretaría Xeral da Lingua.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A non correspondencia do documento presentado co orixinal será causa de denegación ou revogación da bolsa.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se pretende presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Consulta da condición de persoa beneficiaria destas bolsas en anteriores convocatorias.
- d) Verificación de títulos oficiais universitarios.
- e) Certificado oficial acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga), cando fose expedido pola Xunta de Galicia (Secretaría Xeral da Lingua).

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

g) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

h) Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Consulta de concesións ampliado.

j) Consulta de axudas do Estado.

k) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 15. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación



electrónica de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De conformidade co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución de adxudicación será notificada mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos.

Artigo 17. *Instrución do procedemento*

1. O órgano instrutor deste procedemento é a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro. Este órgano desenvolverá, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase a persoa solici-

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



tante para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución.

3. A adxudicación das bolsas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos previstos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que, unha vez revistos os expedientes, o órgano instrutor dará traslado daqueles que reúnan todos os requisitos á Comisión de Avaliación, que aplicará os criterios de valoración sinalados no artigo seguinte.

4. A Comisión de Valoración estará formada polas seguintes persoas: a persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, que a presidirá; a persoa titular do Servizo de Bibliotecas; a persoa que exerza a dirección dunha das bibliotecas de xestión autonómica da Rede de bibliotecas públicas de Galicia; e un membro do cadro de persoal da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

5. A Comisión de Valoración levantará acta en que conste a valoración efectuada e trasladaralla ao órgano instrutor.

Artigo 18. *Criterios de valoración*

1. Para a adxudicación das bolsas avalíaranse os méritos acreditados polas persoas solicitantes, consonte os criterios que se sinalan a seguir.

a) Titulación académica: ata 14 puntos, segundo o seguinte baremo:

a.1) Licenciatura ou grao en Biblioteconomía e Documentación, en Información e Documentación, ou equivalente: 10 puntos.

a.2) Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación: 8 puntos.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



a.3) Mestrado oficial en materia de bibliotecas: 6 puntos.

a.4) Calquera outra titulación das que dan acceso á bolsa, distinta das anteriores: 4 puntos.

As titulacións adicionais a aquela con que concorran teranse en conta malia que os estudos conducentes a elas sexan anteriores ao curso 2014/15.

b) Expediente académico: ata 5 puntos. Esta puntuación obterase multiplicando a nota media simple do título universitario con que concorre á bolsa por 0,5 no caso de licenciatura, diplomatura ou grao, ou por 0,25 no caso de mestrado oficial. Para iso aplicarase a normativa sobre valoración de expedientes académicos da consellería competente na materia de ordenación universitaria (Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de setembro de 2011. *Diario Oficial de Galicia* núm. 188, do 30 de setembro).

No caso de concorrer con máis dun título universitario dos que dan acceso a estas bolsas, terase en conta unicamente aquel expediente que outorgue unha maior puntuación segundo esta epígrafe.

c) Cursos de posgrao, de especialización e mestrados oficiais en materia de bibliotecas, documentación ou xestión da información, organizados por organismos públicos ou universidades de máis de 400 horas: 4 puntos.

d) Cursos de formación en biblioteconomía, bibliografía, documentación, xestión da información, servizos bibliotecarios ou outros especificamente dirixidos á xestión e prestación dos servizos bibliotecarios, organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais de bibliotecarios ou documentalistas: 0,005 puntos por cada hora lectiva, ata un máximo de 4 puntos.

Non se terán en conta os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles en que non se acrediten as horas lectivas.

e) Impartición de cursos de formación en biblioteconomía, bibliografía, documentación, xestión da información, servizos bibliotecarios ou outros especificamente dirixidos á xestión e prestación dos servizos bibliotecarios: 0,01 puntos por cada hora lectiva impartida, ata un máximo de 4 puntos.



f) Coñecemento de idiomas estranxeiros: ata 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

- Por certificado de aptitude de nivel C1 ou C2: 1 punto.
- Por certificado de aptitude de nivel B2: 0,5 puntos.
- Por certificado de aptitude de nivel B1: 0,30 puntos.
- Por certificado de aptitude de nivel A2: 0,15 puntos.

A valoración do certificado de aptitude de nivel superior exclúe a dos certificados de nivel inferior da mesma lingua.

g) Coñecemento da lingua galega: ata 2 puntos:

- Nivel Celga 4 ou equivalente: 2 puntos.
- Nivel Celga 3 ou equivalente: 1 punto.

Só se valorará o nivel máis alto que se acredite.

Para a aplicación das letras c), d) e e), non se valorarán os cursos ou titulacións que formen parte do currículo dunha titulación ou actividade formativa xa valorada na mesma solicitude.

2. En caso de empate, terán prioridade os/as solicitantes que obtivesen maior puntuación na epígrafe a) e, de persistir aquel, na epígrafe b).

Finalmente, se aínda persistise o empate, as solicitudes ordenaranse por orde de presentación.

3. Non se valorará ningún mérito que non conste explicitamente na solicitude; tampouco se terán en conta os méritos alegados e non acreditados documentalmente, sen que proceda facer o requirimento a que se refire o artigo 17.2.

Artigo 19. *Listaxes provisionais e proposta de resolución*

1. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e da acta da Comisión de Valoración, elaborará a listaxe provisional de persoas excluídas por non reunir todos os requisitos, así



como das persoas admitidas e a puntuación acadada. Estas listaxes publicaranse no portal da Rede de bibliotecas públicas de Galicia (<https://rbgalicia.xunta.gal>).

2. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días para formular alegacións ante as listaxes provisionais.

3. O órgano instrutor examinará as alegacións recibidas e, se é o caso, daralle traslado delas á Comisión de Valoración para que avalíe os méritos alegados. Á vista de toda a documentación elaborará as listaxes definitivas de persoas excluídas e admitidas, coa puntuación acadada por estas, e formulará proposta de resolución, que elevará á persoa competente para resolver.

Artigo 20. *Resolución*

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ditará resolución que conterá a relación de solicitantes aos que se lle conceden as bolsas convocadas, especificando a puntuación total obtida na valoración dos méritos, o centro de destino onde desenvolverán o seu período de formación e a data ou prazo de incorporación. Así mesmo, incluírá unha listaxe de persoas suplentes, ordenadas segundo a puntuación acadada, que poderán ser chamadas en caso de non aceptación ou renuncia, e a lista das solicitudes denegadas, con expresión da causa de denegación.

2. A resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal da Rede de bibliotecas públicas de Galicia (<https://rbgalicia.xunta.gal>).

3. O prazo para ditar e notificar a resolución expresa non poderá superar os cinco meses a partir do día da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo ao vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa.

Artigo 21. *Recursos*

A resolución pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e contra ela cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da data de notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



Artigo 22. *Aceptación das bolsas e incorporación ao centro de destino*

1. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a aceptación da bolsa, contados desde o día seguinte á data de publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a presentación dun escrito segundo o modelo do anexo III. Transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

No suposto de que na data da solicitude estivese gozando doutra bolsa ou emprego remunerado, deberá achegar tamén documentación xustificativa da súa finalización.

2. Os bolseiros e bolseiras deberán incorporarse ao centro de destino asignado na data establecida na resolución.

3. Quedará sen efecto o nomeamento das persoas beneficiarias que:

- Non acepten a bolsa.
- Non presenten a documentación acreditativa de ter finalizado outra bolsa ou emprego remunerado, de ser o caso, ou
- Non se incorporen ao seu destino no prazo establecido sen causa suficiente. Esta circunstancia será, ademais, motivo de exclusión na seguinte convocatoria.

4. A aceptación dunha bolsa de formación en materia de arquivos ou museos convocadas pola consellería competente en materia de cultura para o período 2026/2027 leva consigo a exclusión da listaxe de suplentes das bolsas de biblioteconomía convocadas ao abeiro desta orde.

Artigo 23. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Os bolseiros e as bolseiras quedan obrigados/as a:

- a) Incorporarse aos centros a que sexan destinadas na data sinalada na resolución.
- b) Asistir aos centros onde resulten destinadas e seguir as instrucións e directrices dos seus responsables e dos titores durante o período de formación.
- c) Cumprir o compromiso de formación durante todo o período para o cal se lle concedeu a bolsa.



d) Gardar confidencialidade da información obtida no desenvolvemento das actividades obxecto destas bolsas, de acordo coa normativa aplicable, e, en especial, a normativa reguladora da protección de datos persoais.

e) Comunicar a renuncia no caso de iniciar outra bolsa ou emprego incompatible, nos termos sinalados no artigo 25.2.

f) Presentar, no prazo máximo dun mes desde a finalización da bolsa, unha memoria final explicativa correspondente ás actividades formativas desenvolvidas durante o tempo de desfrute da bolsa.

g) Cumprir o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

i) Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 24. *Pagamento das bolsas*

1. O pagamento da bolsa realizarase mensualmente, logo da certificación da Dirección Xeral de Cultura de que a persoa beneficiaria realizou, de conformidade, as actividades formativas que son obxecto da bolsa.

2. A contía da mensualidade será proporcional ao número de días en que desenvolva a formación, en función da data de inicio e fin da bolsa así como as posibles ausencias que excedan dos días de libre disposición previstos no artigo 6.3, se é o caso.

Artigo 25. *Interrupción, renuncia, modificación, revogación e reintegro*

1. A Dirección Xeral de Cultura poderá autorizar a interrupción temporal do goce da bolsa motivada por descanso por maternidade e/ou paternidade, debidamente acreditadas. O período de interrupción poderase incrementar á data prevista de finalización da bolsa sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.



2. A renuncia á bolsa por parte da persoa beneficiaria, unha vez iniciado o goce daquela, deberá ser comunicada polo menos con sete días de antelación á data fixada para a renuncia, presentando o modelo do anexo IV a través da carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas en exceso, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non realizada.

3. De acordo co artigo 14.m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa a formación dos bolseiros poderá propoñer a revogación da bolsa por falta de aproveitamento ou incumprimento das condicións sinaladas.

5. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Nomeamento de suplentes*

1. Nos casos sinalados no artigo 22.3, procederase ao nomeamento como bolseiros daquelas persoas que figuren na listaxe de suplentes, por orde de prelación.

2. Así mesmo, poderase proceder ao nomeamento de novos bolseiros da listaxe de suplentes nos casos de revogación ou renuncia das bolsas xa iniciadas, atendendo á posibilidade de aproveitamento da formación por parte da persoa chamada tendo en conta o tempo que reste ata a finalización da bolsa.

3. Efectuarase o chamamento por correo electrónico a un máximo de cinco persoas por praza vacante, de entre aquelas que ocupen os primeiros postos da lista de suplentes. A cada persoa só se lle ofertarán as prazas que queden vacantes nos centros de destino que figuren na súa solicitude inicial.

As persoas interesadas terán un prazo de tres días naturais para aceptar ou rexeitar o chamamento, mediante a remisión dun correo electrónico nos termos que se indiquen no chamamento.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



4. A bolsa adxudicarase a aquela persoa que ocupe a posición máis alta entre as chamadas que aceptase en prazo. Se ningunha das chamadas acepta, repetirase o procedemento.

5. A non aceptación dunha praza suporá a exclusión da listaxe para posteriores chamamentos.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira. *Remanentes de crédito*

Se, unha vez adxudicadas as bolsas, resultase remanente de crédito, esta consellería poderá efectuar unha nova convocatoria ou reabrir o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición adicional segunda. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional terceira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así



como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o director xeral de Cultura no ámbito das súas competencias, para ditar as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 28.6.2024; DOG núm. 130, do 5 de xullo)
Elvira María Casal García
Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

ANEXO I

Áreas profesionais sobre as que versará a formación

A) Información e formación ao usuario.

- Información sobre as instalacións e servizos da biblioteca e normas de uso.
- Orientación e asistencia ao usuario para o acceso ao catálogo e o uso de equipos e recursos da biblioteca.
- Emisión e xestión dos carnés de usuario.
- Orientación bibliográfica.
- Elaboración de materiais informativos e de difusión.

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6



B) Dinamización cultural, bibliotecaria e promoción da lectura.

- Elaboración e organización de exposicións e mostras.
- Organización e xestión doutras actividades culturais e de promoción da lectura.
- Realización de actividades de difusión e comunicación.

C) Acceso ao documento.

- Xestión de reservas, préstamos e devolucións.
- Xestión do préstamo interbibliotecario.

D) Xestión da colección.

- Selección e adquisición de fondos documentais.
 - Proceso técnico dos fondos recibidos.
 - Catalogación de distintas tipoloxías de documentos.
 - Organización e ordenación dos fondos nos sistemas de almacenamento, físico ou dixital.
 - Mantemento de catálogos e repositorios.
 - Realización de tarefas de conservación e preservación dos fondos documentais.
 - Realización de inventarios e expurgacións.
- E) Manexo de sistemas de xestión bibliotecaria.
- F) Outras, en función das áreas de traballo propias da biblioteca, se é o caso.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA	CT233A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

PARROQUIA	LUGAR

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ORDE DE PREFERENCIA DOS CENTROS DE DESTINO

ORDE PREFERENCIA	CENTRO DE DESTINO
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	



MÉRITOS ALEGADOS			
Art. 18.1.a) TÍTULOS UNIVERSITARIOS	DATA DE FINALIZACIÓN DOS ESTUDOS	Art. 18.1.b) NOTA MEDIA SIMPLE DO TÍTULO (ESCALA 1-10)	
Art. 18.1.c) CURSOS DE POSGRAO, DE ESPECIALIZACIÓN E MESTRADOS EN MATERIA DE BIBLIOTECAS, DOCUMENTACIÓN OU XESTIÓN DA INFORMACIÓN ORGANIZADOS POR ORGANISMOS PÚBLICOS OU UNIVERSIDADES DE MÁIS DE 400 HORAS		HORAS	



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDEANEXO II
(continuación)**MÉRITOS ALEGADOS (continuación)**

Art. 18.1.d) CURSOS DE FORMACIÓN SUPERIORES A 10 HORAS	HORAS	
Art. 18.1.e) CURSOS IMPARTIDOS	HORAS	

CVE-DOG: buhx2go9-pfc6-vid0-e4y1-2w89gw4h9gg6

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

MÉRITOS ALEGADOS (continuación)

Art. 18.1.f) CERTIFICADOS DE APTITUDE EN IDIOMAS		
IDIOMA		NIVEL

Art. 18.1.g) NIVEL DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

--



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDEANEXO II
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que non está incurso en ningunha das causas de exclusión para acceder a esta bolsa, sinalados no artigo 10.2 da orde de bases reguladoras.
- Que,
 - ☐ Non ten emprego remunerado nin goza doutra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos.
 - ☐ Ten emprego remunerado e/ou está a gozar doutra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos, e se compromete expresamente a renunciar con anterioridade ao momento da incorporación ao centro a que sexa destinado/a, agás que se trate dun emprego de carácter esporádico e de duración acumulada inferior a dous meses durante o período de duración da bolsa e non afecte a actividade habitual no exercicio desta.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Título universitario, ou xustificante de pagamento das taxas para a súa expedición. No caso de presentar un título estranxeiro, deberá acompañar declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e declaración de equivalencia de notas medias, emitida pola Administración educativa española.			
☐ Certificación académica oficial completa, en que deberá constar a nota media do expediente académico da titulación na escala numérica 0-10			
☐ Documentos acreditativos dos méritos alegados			
☐ Certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga), ou equivalente, no caso de que non fose expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Consulta da condición de bolseiro/a e da de persoa beneficiaria destas bolsas en anteriores convocatorias	☐
Verificación de títulos oficiais universitarios	☐
Certificado oficial acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga), expedido pola Xunta de Galicia	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de débedas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

ORDE do 15 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2026-2027 (código de procedemento CT233A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

ANEXO III

ACEPTACIÓN DA BOLSA
CT233A - BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

MANIFESTA:

Que, ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2026-2027,

- ☐ ACEPTA a bolsa de formación en biblioteconomía que lle foi concedida, comprometéndose a cumprir coas obrigas establecidas nas bases da convocatoria e demais normativa de aplicación.
- ☐ NON ACEPTA a bolsa de formación en biblioteconomía concedida mediante a mencionada orde.

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Cultura

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

ANEXO IV

RENUNCIA Á BOLSA INICIADA
CT233A - BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

MANIFESTA:

Que, ao abeiro da orde pola que se convocaron bolsas de formación en biblioteconomía para o período 2026-2027 (código de procedemento CT233A), e unha vez iniciada a súa actividade formativa na biblioteca .

RENUNCIA expresamente á bolsa iniciada polo seguinte motivo:

Data de efectos da renuncia (indicar o último día de exercicio da bolsa)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

Dirección Xeral de Cultura

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>